

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 16 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para estudos náutico e marítimo-pesqueiros para o curso académico 2008-2009, e se procede á súa convocatoria.

O Real decreto 4189/82, do 29 de decembro, ao abeiro das normas constitucionais, estatutarias e legais correspondentes, traspasa á Comunidade Autónoma de Galicia funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensinanza profesional náutico-pesqueira.

O Decreto 312/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar atribúe á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino náutico-pesqueiro.

Co obxecto de fomentar e potenciar a formación da poboación mariñeira, é necesario artellar as accións que faciliten o acceso á formación náutico e marítimo-pesqueira, con especial incidencia na formación permanente de adultos, programas de garantía social e ciclos formativos de grao medio e superior. Neste sentido, é fundamental a dotación de axudas ao transporte, de comedor e residencia. En virtude das atribucións conferidas no artigo 24 do Decreto 428/1993, do 17 de decembro, polo que se regula e refunde a normativa en materia de formación náutico-pesqueira.

DISPOÑO:**Artigo 1º.-Obxecto.**

Convocar axudas para os alumnos/as que cursen estudos de formación náutico e marítimo pesqueira nos centros docentes dependentes da Consellería do Mar, en réxime de concorrencia competitiva.

A tramitación farase con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.422K.480.0 (código de proxecto 2006 00316) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2009, por un importe máximo de 100.00 €.

Artigo 2º.-Fins.

Os estudos para os que se poderán solicitar axudas, no curso académico 2008/2009, son os seguintes:

a) Marítimo-pesqueiros.

Ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional específica da familia profesional marítimo-pesqueira.

b) Náutico-pesqueiros.

Capitán de pesca, patrón local de pesca e patrón costeiro polivalente.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas todos os alumnos/as que cursen os estudos sinalados no artigo 2º nos centros docentes dependentes da consellería do Mar e que reúnan os seguintes requisitos:

-Ser cidadáns de calquera país da Unión Europea ou estranxeiros que acrediten a residencia ou estean dentro dun programa de cooperación internacional.

-Reunir os requisitos académicos exixidos polo ordenamento xurídico vixente (non ser repetidor).

-Estar matriculados no curso académico 2008/2009 do curso completo.

-Non estar en posesión de título académico que habilite para actividades profesionais, a menos que o dito título supoña un nivel ou grao inferior ao dos estudos que se pretendan realizar, ou que estes estudos constitúan unha especialización dos xa realizados.

Artigo 4º.-Clases e contía das axudas.

As axudas poderán ter os seguintes compoñentes:

a) Axuda para gastos determinados por razón da distancia entre o domicilio familiar do bolseiro/a e o centro docente.

b) Axudas para gastos derivados da residencia do alumno/a durante o curso escolar fóra do domicilio familiar.

c) Axudas de manutención para alumnos/as que cursen estudos nos centros de Ribeira e A Illa de Arousa, sempre que reúnan os requisitos exixidos.

Artigo 5º.-Axudas para transporte.

As axudas por razón da distancia no transporte diversificaranse na súa contía conforme a seguinte escala:

Dentro dun radio de 4 km: 63 euros.

De 5,00 a 10,00 km: 145 euros.

De 11,00 a 30,00 km: 265 euros.

De 31,00 a 50,00 km: 515 euros.

Máis de 50,00 km: 635 euros.

En ningún caso serán compatibles as axudas por razón da distancia no transporte interurbano coa axuda de residencia.

Artigo 6º.-Axudas por residencia.

1. Para a adxudicación de axudas para gastos derivados da residencia do alumno/a fóra do domicilio familiar, requirirase que o solicitante acredite que, por razón da distancia entre o domicilio familiar e o centro docente e os medios de comunicación existentes, así como pola imposibilidade de contar con outros horarios lectivos, ten que residir fóra do domicilio familiar durante o curso. Para estes efectos, os órganos de selección de bolseiros/as poderán considerar como domicilio da familia o máis próximo ao centro docente que pertenza a algún membro

computable da unidade familiar, aínda que non coincida co domicilio legal. O alumno/a deberá xustificar a residencia fóra do domicilio familiar habitual mediante algún documento oficial, contrato de aluguer, declaración xurada con indicación do novo domicilio, etc.

2. A contía máxima das axudas por razón de residencia fóra do domicilio familiar será de 1.385 euros.

3. Denegarase esta axuda cando existan prazas vacantes nas residencias dos centros docentes dependentes da Consellería do Mar onde o alumno/a vaia cursar os seus estudos.

Artigo 7º.-Axudas de manutención.

1. A axuda de manutención defínese como os gastos derivados da comida do mediodía do alumno/a fóra do seu domicilio habitual por razón da distancia aos centros de ensinanza de Ribeira e da Illa de Arousa dependentes da Consellería do Mar.

2. Poderán solicitar axuda de manutención os alumnos/as que acrediten documentalmente ter o domicilio familiar a unha distancia superior a 10 km do centro docente, ou ben que, aínda sendo inferior, acrediten a imposibilidade de chegar coa puntualidade requirida ás clases da tarde.

3. A axuda de manutención será incompatible coa axuda para gastos por razón da residencia do alumno/a durante o curso escolar fóra do domicilio familiar.

4. A contía máxima da axuda de manutención será de 420 euros por curso.

5. Se por razóns de estudos e programación do centro o alumno tan só realizase unha ou dúas comidas por semana fóra do domicilio familiar, percibirá a parte proporcional da contía total establecida.

Artigo 8º.-Adxudicación de axudas.

1. A adxudicación das axudas farase segundo un baremo no que se terán en conta os seguintes conceptos: renda familiar, rendemento académico e outras circunstancias familiares tal e como se deduce dos seguintes puntos deste precepto.

A puntuación resultante de sumar estes conceptos será a que determine a orde de adxudicación.

2. No caso de que os solicitantes obtiveran o mesmo coeficiente, terán preferencia os que acrediten documentalmente unha relación persoal ou familiar directa co sector, e dentro destes, terán preferencia os de menor renda familiar.

Aos alumnos/as que cursen unha titulación cuxa duración sexa inferior a do curso académico adxudicaráselle unha axuda proporcional á duración dos estudos que realice.

a) Rendemento académico do último curso realizado.

-Nota media de sobresaliente: 4 puntos.

-Nota media de notable: 3 puntos.

-Nota media de ben: 2 puntos.

-Nota media de suficiente: 1 punto.

-Nota media de insuficiente: 0 puntos.

Nas ensinanzas nas que existan cualificacións globais por curso, aplicarase o baremo directamente. Cando a cualificación se faga por cada unha das materias cursadas, obterase a nota media de todas e despois aplicarase o baremo.

Nos ciclos formativos, onde as cualificacións se fan de 1 a 10, seguiranse as equivalencias que a continuación sinalamos:

9-10: sobresaliente.

7-8: notable.

6: ben.

5: suficiente, apto, validado.

3-4: insuficiente.

b) Renda familiar.

b.1) Por renda familiar entenderase a suma dos ingresos brutos obtidos no ano 2007 por todos os membros computables da familia, calquera que sexa a súa procedencia.

b.2) Para a determinación da renda familiar restáranse aos ingresos os rendementos do traballo e as cotas resultantes da autoliquidación.

b.3) Considéranse membros da unidade familiar: os pais, o solicitante, os irmáns solteiros menores de vinte e cinco anos que convivan no domicilio familiar ou os de maior idade, cando se trate de diminuídos físicos, psíquicos ou sensoriais, así como os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio familiar a través do certificado municipal de empadramento.

b.4) No caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considera membro computable a aquel deles que non conviva co solicitante.

b.5) No caso de que o solicitante alegue a súa independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar esta circunstancia e o seu domicilio, así como a titularidade ou o aluguer da vivenda e os medios económicos con que conta.

b.6) Ao cociente da renda familiar computada entre o número de membros da unidade familiar, adxudicaráselle a seguinte puntuación:

Ata 2.655,31 euros: 10 puntos.

De 2.655,32 a 3.155,32 euros: 9 puntos.

De 3.155,32 a 3.606,07 euros: 8 puntos.

De 3.606,08 a 4.056,83 euros: 7 puntos.

De 4.056,84 a 4.507,59 euros: 6 puntos.

De 4.507,60 a 4.958,35 euros: 5 puntos.

De 4.958,36 a 5.409,11 euros: 4 puntos.

De 5.409,12 a 5.859,87 euros: 3 puntos.

De 5.859,88 a 6.310,63 euros: 2 puntos.

De 6.310,64 a 6.761,39 euros: 1 punto.

Máis de 6.761,39 euros: 0 puntos.

c) Circunstancias familiares.

c.1) Aos solicitantes que teñan irmáns cursando estudos de bacharelato, formación profesional específica ou universitarios fóra da súa residencia habitual, engadiránselle 2 puntos polo primeiro e 1 punto máis por cada un dos seguintes.

c.2) Aos aspirantes en condición de orfandade, 2 puntos.

c.3) Aos aspirantes membros de familia numerosa de 1ª clase, 1 punto, de 2ª clase e honra, 2 puntos.

c.4) Aos aspirantes que teñan algún membro da unidade familiar en estado de enfermidade permanente ou con discapacidade, 3 puntos.

Todos as alíneas referentes ás circunstancias familiares deberán xustificarse documentalmente.

Artigo 9º.-Regras de procedemento para a solicitude.

Todos os alumnos/as que reúnan os requisitos deberán presentar a seguinte documentación:

-Solicitude de axuda segundo o modelo que se recolle no anexo I desta orde.

-Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para esta mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes para o curso 2008/2009, de acordo co establecido no artigo 11.d da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo o modelo que recolle o anexo II.

-Copia compulsada do DNI do/a solicitante e demais membros da unidade familiar.

-Certificado de estudos, se for o caso.

-Certificado de ter formalizada a matrícula.

-Certificado de empadramento e residencia habitual expedido polo concello e referido ao ano de realización do curso (2008/2009).

-Fotocopia compulsada completa das declaracións polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas dos compoñentes que integran a unidade familiar e que teñan a obriga de realizala, correspondentes ao ano 2007, ou certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria de non tela presentado.

De non aportar a fotocopia compulsada da declaración da renda de todos os membros con obriga de realizala ou certificado de non tela presentada outorgarase 0 puntos por esta epígrafe.

-Cando un alumno/a teña presentado no centro e para este curso, algún dos documentos requiridos para a formalización da solicitude, quedará exento de repetilo.

Artigo 10º.-Prazos e presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes presentaranse nas secretarías dos centros de ensino e irán dirixidas aos directores/ras dos centros onde o solicitante curse os seus estudos durante o curso académico 2008/2009.

Así mesmo, as solicitudes poderán presentarse nos departamentos territoriais da Consellería do Mar, ou por calquera das formas establecidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico da administracións públicas e do procedemento administrativo común, dentro do prazo establecido no anterior parágrafo.

Artigo 11º.-Comisión de avaliación.

Para o estudo das solicitudes presentadas e selección dos bolseiros/as, constituirase en cada centro unha comisión coa seguinte composición:

Presidente:

O xefe/a territorial correspondente ou persoa en quen delegue.

Vogais:

O director/ra do centro.

O xefe/a de estudos do centro.

Un representante da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Dous profesores/as membros do consello escolar do centro docente.

Un representante dos pais de alumnos, membro do consello escolar.

Secretario:

O secretario/a do centro docente, que actuará como secretario/a da comisión, con voz e voto.

Das reunións celebradas pola comisión a que se refire o punto anterior, comezando pola da súa constitución, levantarase acta, que será remitida á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

As solicitudes de bolsa deberán ser estudadas e comprobadas para seleccionar as que reúnan as condicións establecidas.

A comisión de avaliación fará unha proposta de resolución provisional motivada ao órgano que resolve, na que figure a relación de beneficiarios que reúnen as condicións e os desestimados, alegando a causa da súa denegación.

Publicada a listaxe e resolución provisional no taboleiro de anuncios do centro, os solicitantes terán un prazo de 10 días hábiles para presentar as alegacións que consideren oportunas.

Transcorrido o dito prazo, e resultas as alegacións presentadas, de ser o caso, a comisión tramitará a

proposta de resolución definitiva, que será remitida á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Artigo 12º.-Resolución.

1. A directora xeral, a proposta da comisión, aprobará a proposta de resolución definitiva, por delegación expresa da conselleira do Mar. A listaxe definitiva de adxudicatarios publicarase nos departamentos territoriais correspondentes e no taboleiro de anuncios dos centros docentes respectivos, conferíndolles un prazo de 10 días para que acepten a axuda, transcorrido o cal sen producirse manifestación expresa se entenderá sucintamente aceptada, segundo dispón o artigo 21.5º da Lei de subvencións de Galicia.

2. As resolucións, expresas ou presuntas, que recaian ao abeiro desta orde porán fin á vía administrativa e contra elas poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Consellería do Mar no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, segundo os casos.

Así mesmo, tamén se poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante os órganos desta xurisdición no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación se é expresa ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel no que se produza o acto presunto. Todo iso sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente.

3. O prazo máximo para a resolución da concesión das axudas será de 6 meses a partir da publicación desta convocatoria, de non mediar resolución expresa no dito prazo, as solicitudes deberán entenderse desestimadas.

4. A falsidade dos datos ou falsificación de documentos que se presenten, calquera que sexa o momento no que se demostre a inexactitude, terá como consecuencia a perda de todos os dereitos dos solicitantes que incorran nesta situación e, polo tanto, a devolución total da cantidade percibida, ademais das responsabilidades a que houbese lugar, logo da apertura do correspondente expediente.

Artigo 13º.-Pagamento.

1. Os pagamentos faranse dunha soa vez polo importe concedido, unha vez rematado o curso para o que se solicitou a axuda e logo de certificación do centro de que os alumnos/as beneficiarios non causaron baixa, asistiron regularmente ás clases e se presentaron ao exame final.

2. Xunto coa mencionada certificación, deberase acompañar unha declaración de cada un dos beneficiarios manifestando que non percibiu nin está pendente de percibir outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou ente público.

Artigo 14º.-Obrigas do/a beneficiario/a.

1. O beneficiario/a está obrigado/a ao reintegro total ou parcial da axuda no suposto de incumprimento

das condicións establecidas para a súa concesión.

2. Ademais, está obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

4. Procederá o reintegro da axuda nos supostos sinalados no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.

1. A Consellería do Mar publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas con suxeición a esta orde, indicando o programa e crédito orzamentario a que se imputan, cantidade concedida e finalidade da subvención.

2. Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 13, punto 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Mar publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Segunda.

En todo o non previsto nesta orde observarase o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2009.

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS AO ENSINO NÁUTICO E MARÍTIMO-PESQUEIRO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE601A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS PERSOAIS DA/O SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	NIF
ENDEREZO	PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
DATA DE NACEMENTO		

ESTUDOS PARA OS QUE SOLICITA A AXUDA

DENOMINACIÓN DOS ESTUDOS	CURSO
CENTRO	TIPO DE AXUDA

OUTROS DATOS DE INTERESE

RELACIÓN PERSOAL OU FAMILIAR CO SECTOR	<input type="checkbox"/>
DISTANCIA DO DOMICILIO AO CENTRO	<input type="checkbox"/>
CONDICIÓN DE EMIGRANTE	<input type="checkbox"/>
CONDICIÓN DE FAMILIA NUMEROSA	<input type="checkbox"/>
Nº DE FILLOS QUE DEPENDEN DO CABEZA DE FAMILIA	<input type="checkbox"/>
RENDA DA UNIDADE FAMILIAR NO ÚLTIMO EXERCICIO	<input type="checkbox"/>
Nº DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	<input type="checkbox"/>
CONDICIÓN DE ORFANDADE	<input type="checkbox"/>
CIRCUNSTANCIAS FAMILIARES ESPECIAIS	<input type="checkbox"/>

CENTRO EDUCATIVO NO QUE ESTÁ MATRICULADO/A

CENTRO	ESTUDOS QUE REALIZA	CURSO
PROVINCIA	CONCELLO	TELÉFONO

Quen abaixo asina DECLARA QUE: presta o seu consentimento á Consellería do Mar para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 16 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para estudos náutico e marítimo-pesqueiros para o curso académico 2008-2009, e se procede á súa convocatoria.

SINATURA DA/O SOLICITANTE

Lugar e data

, de de

Director/a do centro

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

ANEXO II

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONXUNTO DE AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS

Don/Dona _____, e DNI nº _____
 e matriculado no centro de _____
 para a obtención da titulación de _____

Presentando unha solicitude de axudas ao abeiro da Orde do _____ pola que se convocan axudas aos estudos náutico e marítimo-pesqueiros nos centros docentes dependentes da Consellería do Mar para o curso académico 2008-2009.

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que solicitou ou obtivo as seguintes axudas de calquera administración ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades en relación co proxecto desta solicitude:

AXUDAS	ORGANISMO	DATA SOLICITUDE/RESOLUCIÓN	DISPOSICIÓN REGULADORA
SOLICITADAS	_____	_____	_____
	_____	_____	_____
CONCEDIDAS	_____	_____	_____
	_____	_____	_____

Que non solicitou ningunha axuda para os estudos náutico e marítimo-pesqueiros nos centros docentes dependentes da Consellería do Mar para o curso académico 2008-2009.

E, para que así conste, asina esta declaración no lugar e data indicados abaixo.

Lugar e data _____, de _____ de _____

Asdo: _____

Orde do 16 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas económicas para a realización de formación práctica en empresas, destinada a alumnos/as de ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional específica de centros dependentes da Consellería do Mar.

O Real decreto 4189/1982, do 29 de decembro, ao abeiro das normas constitucionais, estatutarias e legais correspondentes, traspasa á Comunidade Autónoma de Galicia funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras.

O Decreto 312/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar, atribúe á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino náutico-pesqueiro.

O Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, no seu artigo 11, indica que todos os ciclos formativos de formación profesional específica incluírán un módulo de formación en centros de traballo.

De acordo co anterior, a Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, é consciente de que as prácticas en empresas do

sector pesqueiro, ademais do seu carácter obrigatorio como módulo de formación en centros de traballo para os ciclos formativos de formación profesional específica, teñen un enorme interese polo seu valor didáctico e pedagóxico por achegar o alumnado a unha situación real no contorno produtivo similar ao que vai atopar na súa nova vida profesional.

Polo exposto, a Consellería do Mar, facendo uso das competencias que lle confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta orde é a convocatoria de axudas para os/as alumnos/as que realicen a formación práctica en empresas correspondentes aos ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional específica en centros dependentes da Consellería do Mar.

As axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.422K.480.0, por un importe total máximo de 90.000 euros, dos orzamentos da comunidade autónoma para 2009.

Artigo 2º.-*Requisitos.*

Serán requisitos indispensables para solicitar estas axudas:

2.1. Que os/as solicitantes estean matriculados/as nas ensinanzas de formación profesional específica ou ciclos formativos de formación profesional espe-